WIKIPEDIA

Lingua taxica

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **taxico** (тоҷикӣ, en cirílico, تاجیکی en perso-arábigo, AFI [tɔːdʒɪˈkiː]) é unha lingua irania da mesma rama co persa, falado por preto de sete millóns de persoas. O taxico contemporáneo, coma persa contemporáneo, é a continuación do persa clásico, ben coñecido polos documentos escritos que se remontan aos séculos IX e X d. C. É o idioma oficial en Taxiquistán[2], aínda que tamén se fala nos países limítrofes, principalmente en Afganistán, no Uzbekistán e en Kirguizistán.

Taxico ***Тоҷикӣ / Tojikī***	
Pronuncia:	/tɔːdʒɪˈkiː/
Outros nomes:	Taxico persa, galcha
Falado en:	Taxiquistán, Afganistán, Uzbekistán
Rexións:	Asia Central
Total de falantes:	7,8 millóns (censo de 2015)[1]
Familia:	Indoeuropea Indoirania Irania Occidental Occidental meridional Rama persa **Taxico**
Escrita:	Alfabeto cirílico
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Taxiquistán
Regulado por:	Academia das Ciencias do Taxiquistán
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	`tg`
ISO 639-2:	`tgk`
ISO 639-3:	`tgk (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=tgk)`
SIL:	`tgk`

O fraccionamento político característico da época feudal e a ausencia de lazos estables económicos e culturais entre as distintas rexións nas que vivían os falantes taxicos, facilitaron o nacemento e mantemento nesas rexións de dialectos variados. Foi só tralo triunfo da Revolución de 1917 e a consolidación do poder soviético no territorio de Asia Central cando se abre un proceso para concentrar os varios dialectos cara un taxico literario contemporáneo. Naturalmente, trala desintegración da Unión Soviética e a recuperación da soberanía nacional ese proceso cambiou de mans e agora é a Academia das Ciencias do Taxiquistán a encargada de facer esa labor. O idioma estándar baséase nos dialectos do noroeste de **Taxiq** (rexión da antiga cidade de Samarcanda), que foron considerablemente influenciados pola lingua uzbeka, como resultado da proximidade xeográfica.

Un grande mérito do estudo do taxico e dos seus dialectos débese enteiramente aos estudosos ruso-soviéticos. Do período pre-revolucionario destacan O.I. Senkovskij e V.V. Grigoriev que por primeira vez sinalaron algunhas características gramaticais e léxicas da lingua dos autores centro-asiáticos. Tamén C. Salemann dirixiu a súa atención á fonética taxica a partir de textos xudeu-persas de Bukhara (ademais de diferentes estudos sobre o iagnobí). No período soviético abriuse unha nova etapa no estudo da lingua e o achado de solucións para a creación dunha nova lingua literaria, dunha ortografía, dunha terminoloxía etc. E foi sobre todo grazas aos traballos de I.I. Zarubin e dos seus discípulos que se desenvolveu a mediados dos anos vinte do século XX o estudo dos dialectos e da fonética do taxico.

O taxico tamén mantivo diversos elementos arcaicos no seu vocabulario e na gramática, que se perderan no resto do mundo persófono, grazas ao seu relativo illamento nas montañas da Asia Central.

Antes de 1928, usaba unha versión de escritura árabe/persa, aínda que máis tarde adoptou o alfabeto latino entre 1928 e 1940, para pasar máis tarde a unha versión do alfabeto cirílico. En 1994, o goberno taxico intentou volver introducir o alfabeto latino como sistema de escritura, pero movementos radicais esixían a implantación da escrita perso-arábiga. Na actualidade aínda se segue a empregar a escrita perso-arábiga en Uzbekistán e nas zonas taxicofalantes do Afganistán.

Índice

Distribución xeográfica

Dialectos do taxico

Os dialecto taxicos (**шеваҳои забони тоҷикӣ**) poden agruparse nos seguintes grupos:

1. Dialectos setentrionais (Norte do Taxiquistán, zonas do sur de Uzbekistán e Kiguizistán).
2. Dialectos centrais (dialectos de Mastjoh, Aini, Hissor e zonas de Varzob).
3. Dialectos meridionais (dialectos de Qarotegin, Kulob, dialectos do Badaghxán etc.)
4. Dialectos meridionais orientais (dialectos de Panxe e Darvoz).

O dialecto entre os xudeus de Bukhorá nativos de Asia Central é coñecido coma bukhoriano (tamén se pode dicir "bukhorés"), e pertencen ao grupo de dialectos setentrionais. Distínguese facilmente xa que inclúen termos do hebreo, principalmente léxico relixioso, ademais de usar o alfabeto hebreo. Sacando estas diferenzas, o bukhoriano é intelixible aos outros taxicofalantes, particularmente cos dos dialectos setentrionais.

Sistema de escritura

Historia

Fonoloxía

Vogais

A táboa que amosamos aquí ilustran as vogais en taxico estándar e culto. Os dialectos locais chegan a ter máis de seis.

Vogais taxicas			
	Anterior	**Central**	**Posterior**
Pechada	i		u
Media	e	u̇	o[1]
Aberta	a		

Na táboa seguinte amósase o desenvolvemento do vocalismo entre as linguas de orixe pérsida:

Persa clásico	**ā**	**a**	**ē**	**i**	**ī**	**ō**	**u**	**ū**
Persa moderno	**ā**	**a**	ī	e	**ī**	ū	o	**ū**
Darí	**ā**	**a**	**ē**	e	i	**ō**	o	u
Hazaraguí	o	**a**	**e**	**i**	i	ū	**u**	u
Taxico	o	**a**	e	**i**	i	ů	**u**	u

Consoantes

	Labial	**Dental/ Alveolar**	**Alveolar posterior**	**Palatal**	**Velar**	**Uvular**	**Glotal**
nasal	м /m/	н /n/					
oclusiva xorda	п б /p/ /b/	т д /t/ /d/			к г /k/ /g/	қ /q/	ъ /ʔ/
fricativa	ф в /f/ /v/	с з /s/ /z/	ш ж /ʃ/ /ʒ/			х ғ /χ/ /ʁ/	ҳ /h/
Africada			ч ҷ /tʃ/ /dʒ/				
bibrante		р /r/					
líquidas		л /l/		й /j/			

Acento

O acento cae xeralmente na última sílaba. Exemplos de onde o acento non cae na última sílaba son: бале (que quere dicir "si") e зеро (que quere dicir "por que"). O acento tampouco cae nin nos enclíticos, nin na marca do obxecto directo.

Gramática

O taxico contemporáneo, coma o persa contemporáneo, é a continuación do persa clásico, ben coñecido polos documentos escritos que se remontan aos séculos IX e X d. C. O taxico moderno conserva tódalas características esenciais da estrutura gramatical e o sistema fonético da lingua clásica, de maneira que a persoa que coñece o taxico ou o persa está capacitado para captar sen grandes dificultades as obras de Rudaki (século X), de Ferdovsi (X-XI) ou de Saadi (XIII). Porén, non debemos chegar á conclusión de que durante os mil anos que separan ao taxico ou ao persa contemporáneo da lingua daquela época, ningún cambio se produciu. Unha comparativa entre as linguas contemporánea e clásica amósanos os cambios importantes sobrevidos durante tal período: redución, como en persa, do sistema vocálico de 9 a 6 fonemas (pero sen coincidir nesta redución), cambios de función da posposición **-ra**, dos pronomes enclíticos, dalgunhas preposicións etc.

Pero ademais de tales fenómenos, propios do persa e do taxico, o taxico contemporáneo ten algunhas características gramaticais específicas que os distinguen do persa e que afectan ao sistema verbal e o léxico; el taxico ten moitos empréstimos do ruso, especialmente no que se refire ás relacións sociais, a técnica, a ciencia, a cultura etc. Outra grande influencia no léxico taxico procede da forte influencia das linguas túrquicas centro-asiáticas e dos antigos dialectos iranios orientais (sogdiano, bactriano, saka-tocario etc.).

A orde das palabras en taxico é SUXEITO-OBXECTO-VERBO.

Substantivos

Os substantivos fórmanse pola unión de morfemas a unha raíz, combinación de lexemas, ou por derivación, sexa a partir do verbo coma por adición de afixos (prefixos e sufixos).

Masculino e feminino

Na lingua taxica non existe morfema de xénero, polo que non se distinguen entre o masculino e o feminino. Para diferenciar o sexo en persoas e animais, recórrese a distintas formas de raíz utilizándose unhas para designar ao macho e outras á femia.

Existen nomes propios para cada xénero:

Taxico	Transliteración	Galego	Taxico	Transliteración	Galego
мард	mard	home	зан	zan	muller
писар	pisar	fillo, rapaz	духтар	duxtar	filla, rapaza
шу	shu	marido	ҳамсар	hamsar	muller, esposa

Entre os nomes de animais tamén existen algúns propios de cada xénero:

Taxico	Transliteración	Galego	Taxico	Transliteración	Galego
мурғ	murgh	galo	хурӯс	xurus	galiña
асп	asp	cabalo		madian	egua

Aínda que normalmente identifícanos polo nome acompañado de **нар** (nar) *macho* ou **мода** (modá) *femia*, anteposto ou posposto:

Taxico	Transliteración	Galego	Taxico	Transliteración	Galego
шери нар*	sher-i nar	león	шери мода	sher-i modá	leoa
хари нар	xar-i nar	burro	хари мода	xar-i modá	burra
гови нар	gov-i nar	touro	гови мода	gov-i modá	vaca

No caso das profesións, un mesmo nome serve tanto para o masculino coma para o feminino:

Os nomes en taxico tampouco van acompañados dos artigos determinados (o, a , os, as):

Plural

Adxectivos

Comparativos

Superlativos

A construción "izofá"

Pronomes

Persoais

Formas dos pronomes persoais coas súas equivalencias en galego.

Persoa	Singular	Plural
1ª	**ман** (*man*) "eu"	**мо** (*mo*) "nós"
2ª	**ту** (*tu*) "ti"	**шумо** (*shumó*) "vós"
3ª	**ӯ**, **вай** (*ū*, *vay*) "el, ela"	**онҳо** (*onhó*) "eles, elas"

A segunda persoa de plural, **шумо**, pódese usar tamén coma forma de cortesía da segunda persoa singular. No taxico escrito distínguese a forma de cortesía da formal porque a de cortesía vai en maiúsculas, p. ex.: **Шумо** кай меоед? (*shumó kay meoed?*), "Cando vén vostede?" fronte a **шумо** кай меоед?, "Cando vides (todos vós)?".

Formas enclíticas

Existen formas enclíticas que son usadas tralos substantivos para denotar posesión.

Persoa	Singular	Plural
1ª	**-ам** (*-am*) "meu"	**-амон** (*-amon*) "noso"
2ª	**-ат** (*-at*) "teu"	**-атон** (*-aton*) "voso"
3ª	**-аш** (*-ash*) "seu"	**-ашон** (*-ashon*) "seus"

Por exemplo: **китоб** (*kitób*, "libro"), **китобам** (*kitobam*, "o meu libro"), **китобат** (*kitobat*, "o teu libro"). Cando a palabra remata en vogal, por exemplo **китобҳо** (*kitobho*, books), o **-а** que une o substantivo co enclítico condutor cambia a **-я**, por exemplo: "os seus libros" sería **китобҳояшон** (*kitobhoyashon*).

Demostrativos

Como en taxico non hai masculino nin feminino, os adxectivos demostrativos son iguais para ambos.

ин = este, esta, isto он = aquel, aquela, aquilo

Algúns exemplos coma adxectivos demostrativos:

ин китоб ин хона он гул

Indefinidos

Relativos

Interrogativos

Numerais

Cardinais

Cifra		Cifra		Cifra		Cifra		Cifra		Cifra	
0	сифр										
1	як	11	ёздаҳ	21	*	31		-	-	-	-
2	ду	12	дувоздаҳ	22		32		200		2.000	
3	се	13	сездаҳ	23	инсæй æртæ	33	æртин æртæ	300	æртæ сæди	3.000	æртæ мини
4	чор	14	чордаҳ	24	инсæй цуппар	40	цуппор	400	цуппар сæди	4.000	цуппар мини
5	панҷ	15	понздаҳ	25	инсæй фондз	50	фæндзай	500	фондз сæди	5.000	фондз мини
6	шаш	16	шонздаҳ	26	инсæй æхсæз	60	æхсай	-	-	-	-
7	ҳафт	17	ҳабдаҳ	27	инсæй авд	70	авдай	-	-	-	-
8	ҳашт	18	ҳаждаҳ	28	инсæй аст	80	æстай	-	-	-	-
9	нӯҳ	19	нуздаҳ	29	инсæй фараст	90	науæдзæ	-	-	-	-
10	даҳ	20	внст	30	æртин	100	сæдæ	1.000	мин	-	-

Ordinais

Preposicións

Preposicións simples

Taxico	Galego
аз	dende, a través de
бо	con
бар	sobre, enriba
ба	a, cara a
бе	sen
дар	en
чун	como
то	ata

Adverbios

Conxuncións

Léxico

Taxico	моҳ (moh)	нав (nav)	модар (modar)	хоҳар (xohar)	шаб (shab)	бинӣ (binī)	се (se)	сиёҳ (siyoh)	сурх (surx)	зард (zard)	сабз (sabz)	гург (gurg)
Outras linguas indoeuropeas												
Persa	māh	no	mādar	xāhar	shab	binī	se	siyāh	sorx	zard	sabz	gorg
Pastún	myāsht	nəvay	mōr	xōr	shpa	pōza	dre	tōr	sur	zhaṛ	shin	lewa
Hindi	mās	nayā	mātā	bahin	rāt	nāk	tīn	kālā / shyam	lāl	pīlā	harā	bik
Inglés	month	new	mother	sister	night	nose	three	black	red	yellow	green	wolf
Alemán	Monat	neu	Mutter	Schwester	Nacht	Nase	drei	schwarz	rot	gelb	grün	Wolf
Irlandés	mhí	nua	máthair	deirfiúr	oiche	srón	trí	dubh	dearg	buí	glas	mac tíre, faolchú
Galés	mis	newydd	mam	chwaer	nos	trwyn	tri	du (/di/)	coch, rhudd	melyn	gwyrdd, glas	blaidd
Latín	mēnsis	novus	māter	soror	nox	nasus	trēs	āter, niger	ruber	flāvus, gilvus	viridis	lupus
Italiano	mese	nuovo	madre	sorella	notte	naso	tre	nero	rosso	giallo	verde	lupo
Galego	mes	novo	nai	irmá	noite	nariz	tres	negro	vermello	amarelo	verde	lobo
Portugués	mês	novo	mãe	irmã	noite	nariz	três	negro	vermelho	amarelo	verde	lobo
Asturiano	mes	nuevu			nueche		tres	prietu / negru		amariellu	verde	llobu
Español	mes	nuevo	madre	hermana	noche	nariz	tres	negro	rojo	amarillo	verde	lobo
Romanés	luna	nou/noi	mamă	soră	noapte	nas	trei	negru	roşu	galben	verde	lup
Letón	mēnesis	jauns	māte	māsa	nakts	deguns	trīs	melns	sarkans	dzeltens	zaļš	vilks
Lituano	mėnuo	naujas	motina	sesuo	naktis	nosis	trys	juoda	raudona	geltona	žalias	vilkas
Polonés	miesiąc	nowy	matka	siostra	noc	nos	trzy	czarny	czerwony	żółty	zielony	wilk
Ucraíno	місяць misjats	новий novyj	мати maty	сестра sestra	ніч nich	ніс nis	три try	чорний chornyj	червоний chervonyj	жовтий zhovtyj	зелений zelenyj	вовк vovk
Checo	měsíc	nové	matka	sestra	noc	nos	tři	černé	červené	žluté	zelené	vlk
Búlgaro	месец mesets	нов nov	майка maika	сестра sestra	нощ nosht	нос nos	три tri	черен cheren	червен cherven	жълт zhălt	зелен zelen	вълк vălk
Ruso	месяц mesyats	новый novyi	мать mat'	сестра sestra	ночь noch'	нос nos	три tri	чёрный chyornyi	красный krasnyi	жёлтый zhyoltyi	зелёный zelyonyi	волк volk

(Nota: A letra "x" non representa o mesmo son que en galego, se non que representa o son /x/ que ven sendo o son do "j" castelán.)

Notas

1. Ethnologue (https://www.ethnologue.com/18/language/tgk/)
2. Constitución de Taxiquistán

Véxase tamén



Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua taxica***

Bibliografía

- Perry, J. R. (2005) *A Tajik Persian Reference Grammar* (Boston : Brill) ISBN 90-04-14323-8
- Rastorgueva, V. (1963) *A Short Sketch of Tajik Grammar* (Netherlands : Mouton) ISBN 0-933070-28-4
- Основы иранского языкознания. Т. 3. Новоиранские языки. М. 1982.

Outros artigos

- Alfabeto taxico
- Transliteración do taxico cirílico